

Primaria

Ciencias Sociais 3

Programación

Anexo de avaliación

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos, para iso é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula para a avaliación dos procesos de aprendizaxe.


Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para o desenvolvemento común de competencias en todas as áreas, outras para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica nas distintas materias.

Ferramentas comúns de avaliación competencial

1. Avaliación do traballo en equipo cooperativo.
2. Diana de coavaliación sobre os membros do grupo.
3. Rexistro de coavaliación do traballo en grupo.
4. Rúbrica de expresión oral nunha exposición sobre unha tarefa realizada.
5. Rúbrica da expresión escrita.
6. Autoavaliación sobre a responsabilidade nas tarefas.
7. Rúbrica de espírito emprendedor e autonomía.
8. Rúbrica de avaliación de murais e traballos artísticos.
9. Autoavaliación do uso de ferramentas tecnolóxicas e análise das fontes de información.

Ferramentas específicas da área de Ciencias Sociais en 3.º de Primaria

1. Escala de observación para a avaliación dos mapas conceptuais.
2. Autoavaliación do respecto de normas cidadás.
3. Coavaliación das campañas electorais.
4. a) Escala de observación da orientación espacial (planos, mapas...).
- b) Autoavaliación da orientación espacial.
5. Coavaliación dos novos sinais inventados.
6. Rúbrica para a avaliación de murais.
7. Coavaliación de grupos de debates.
8. Autoavaliación e coavaliación das investigacións realizadas.
9. Autoavaliación da unidade.



Ferramentas
comúns
de avaliación

1. AVALIACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO COOPERATIVO

REVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DO EQUIPO			
Como funciona o noso equipo?	Necesita mellorar	Ben	Moi ben
1. Aprendemos todos?			
2. Utilizamos o tempo correctamente?			
3. Rematamos o traballo a tempo?			
4. Axudámonos?			
5. Progresamos nos nosos obxectivos grupais?			
6. Cumprimos cada un noso compromiso?			
7. Exerceu cada un o seu cargo correctamente?			

VALORACIÓN GLOBAL

V.º B.º PROFESOR

Reflexionamos:
Que é o que facemos especialmente ben?
Que debemos mellorar?
Que nos propoñemos para o próximo plan?

2. DIANA DE COAVALIACIÓN SOBRE OS MEMBROS DO GRUPO

Diagrama de coavaliación sobre os membros do grupo. O diagrama consiste nun círculo dividido en catro cuadrantes por unha liña vertical e unha liña horizontal. O círculo ten tres círculos concéntricos interiores. Os números 1, 2 e 3 están colocados na liña vertical, indicando os niveis de avaliación. Os cuadrantes están etiquetados co seguinte:

- Arriba: Gozou no traballo en equipo
- Esquerda: Respectou as opinións dos demais
- Dereita: Participou e achegou ideas
- Abaixo: Mostrou unha actitude correcta

Nome: _____

Azul _____

Verde _____

Amarelo _____

Vermello _____

3. RÚBRICA DE COAVALIACIÓN DO TRABALLO EN GRUPO

Alumnos	Garda silencio para escoitarte cando falas?		Achega boas ideas para o traballo do grupo?		Trouxo os materiais necesarios?		Traballou ben todo o tempo en grupo?	
	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non

4. RÚBRICA DE EXPRESIÓN ORAL NUNHA EXPOSICIÓN SOBRE UNHA TAREFA REALIZADA

Categoría	4	3	2	1
Fluidez	Exprésase fluidamente, sen titubeos, pausas ou dúbidas.	Ao expresarse fai algunha pausa para pensar.	Titubea de cando en vez e realiza máis dunha pausa ao expresarse oralmente.	Cústalle facer un discurso fluído. Para constantemente e fai longas pausas non parecendo poder empezar a falar de novo.
Explicación dos pasos	Expuxo os pasos realizados na elaboración da actividade de xeito organizado lóxicamente e cronoloxicamente. Explicou cada paso detalladamente.	Realizou unha exposición un pouco desorganizada: esquecíase algún paso ou non detallou todo ou non seguiu en todos os casos a orde cronolóxica. Foron necesarias algunhas preguntas para dirixilo.	Transmitiu os pasos con moita dificultade e necesitou ser guiado mediante preguntas para completar e ordenar a explicación.	Non foi capaz de transmitir de xeito lóxico a exposición dos pasos seguidos nin sequera mediante preguntas guiadas.
Riqueza de vocabulario	O vocabulario empregado polo alumno é rico, amplo e variado para a súa idade.	O seu vocabulario é variado, pouco repetitivo e adecuado para a súa idade.	Non mostra moita riqueza de vocabulario, usando algunhas palabras de xeito inadecuado ou non encontrando as que necesita para expresarse nalgúns ocasións.	O seu vocabulario é pobre. Na maioría das ocasións non encontra palabras para expresar o que desexaría dicir.
Discurso	Discurso amplo e sen repeticións.	Discurso amplo, pero repite algunha das ideas expresadas.	O seu discurso é breve, aínda que conciso e non repetitivo.	O seu discurso é moi breve, tan só expresando unha idea de xeito repetitivo.

5. RÚBRICA DA EXPRESIÓN ESCRITA

	4	3	2	1
Partes do texto	O texto contén todas as partes suxeridas polo profesor: título, comezo, desenvolvemento e finalización.	Ao texto fáltalle algunha parte esixida polo profesor.	Ao texto fáltanlle dous ou tres partes.	Texto sen elaboración e sen título.
Elementos traballados durante a unidade	No texto o alumno fai referencia ao traballado na unidade con detalles de cuestións que aprendeu ou que lle chamaron a atención.	O alumno fai referencia ao traballado na unidade sen entrar en demasiados detalles do aprendido.	Só nomea por enriba algún aspecto traballado na unidade.	Non nomea o traballado na unidade.
Vocabulario empregado	Vocabulario rico, variado, sen repeticións e con palabras e expresións aprendidas na unidade.	Vocabulario variado e rico, aínda que con poucas palabras aprendidas na unidade.	Vocabulario algo repetitivo e sen palabras novas aprendidas.	O vocabulario empregado é pobre e repetitivo.
Signos de puntuación	Utiliza correctamente os signos de puntuación (comas, puntos e signos de interrogación ou exclamación).	Utiliza correctamente os signos de puntuación, pero presenta algúns erros.	Na maioría das ocasións non utiliza correctamente os signos de puntuación.	Non utiliza os signos de puntuación ou faino sempre de xeito incorrecto.
Corrección ortográfica	O texto está escrito sen erros ortográficos significativos. Uso correcto das maiúsculas e signos de puntuación.	Contén algúns erros ortográficos, pero non de maiúsculas ou signos de puntuación.	Ten algún erro de maiúsculas ou signos de puntuación.	Non usa as maiúsculas nin os signos de puntuación.

6. AUTOAVALIACIÓN SOBRE A RESPONSABILIDADE NAS TAREFAS

Pon unha X segundo a túa resposta:

DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS	SI	NON	POR QUE?
Fixen as tarefas que se me pediron.			
Entendín todo o que me pedían nas tarefas.			
Encontrei dificultades na realización das tarefas.			
Pedín axuda na casa para realizar algunha das tarefas.			
Rematei a tarefa e presentéina cando ma pediron.			

Como podería mellorar?

7. RÚBRICA DE ESPÍRITO EMPREENDEDOR E AUTONOMÍA

	4	3	2	1
Desenvólvese con autonomía?	Fai uso dos seus recursos persoais para o desenvolvemento das actividades e tarefas propostas.	Necesita supervisión para a organización das súas tarefas, pero desenvólveas facendo uso dos seus recursos.	Solicita axuda en numerosas ocasións para a realización das actividades propostas.	Necesita supervisión constante e axuda para a realización das súas tarefas.
Coñece e fai uso das súas fortalezas e debilidades?	Identifica as súas fortalezas e debilidades persoais e xestiónaas de xeito eficaz na realización dos seus traballos.	Fai uso das súas fortalezas e debilidades de xeito pouco consciente para a realización eficaz dos seus traballos.	Identifica as súas fortalezas e debilidades pero de modo pouco realista ou non fai uso deste coñecemento en busca da eficacia na realización dos seus traballos.	Non identifica as súas fortalezas e debilidades.
Confía nas súas aptitudes e habilidades?	Afronta as súas tarefas con seguridade. Mostra confianza nas súas aptitudes e habilidades para realizar un traballo e superar as dificultades que xorden neste.	Mostra confianza nas súas aptitudes e habilidades pero en ocasións ante as dificultades necesita que se lle reforce.	Non afronta con igual seguridade todas as tarefas, dependendo do tipo de tarefa ou do contido desta.	Mostra inseguridade á hora de afrontar as súas tarefas, o que paraliza ou entorpece o seu traballo.

8. RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE MURAIIS E TRABALLOS ARTÍSTICOS

	4	3	2	1
Adecuación ao contido e ao contexto	O traballo recolle os aspectos máis relevantes do contido traballado e conéctao coa situación.	O traballo está contextualizado e acorde á situación pero non recolle os aspectos máis relevantes do contido traballado.	O traballo non está contextualizado pero recolle algún dos contidos traballados.	O traballo está descontextualizado e non se axusta ao contido traballado.
Presentación da información	A información está moi ben organizada, con orde e doada de ler.	A información está ben organizada pero falta claridade á hora de ler.	A información está desordenada aínda que existe claridade á hora de ler.	A información está desordenada e difícil de ler.
Imaxes	Reflicten moi ben o tema tratado. 10 imaxes.	Son apropiadas, reflectindo o tema tratado. 6 a 8 imaxes.	Algunhas imaxes non tratan o tema. 4 a 6 imaxes.	Non son apropiadas xa que non tratan o tema. Menos de 4 imaxes.
Presentación	O traballo está ben presentado, limpo con especial coidado na orde e na estética.	O traballo non está de todo limpo pero apréciase esforzo na orde e na limpeza.	O traballo presenta correccións con riscos e manchas aínda que se aprecia a intención de ter solucionado as dificultades.	O traballo está sucio e descoidado e non se observa intención de ter procurado facelo de forma correcta.
Creatividade na utilización de materiais e recursos	Optimizou o uso de materiais e recursos ao seu alcance.	Non utilizou todos os materiais e recursos posibles dispoñibles.	Non se preocupou pola utilización dos materiais, pero usou os correctos nalgún caso.	Non aproveitou as posibilidades de materiais e recursos dispoñibles.

9. AUTOAVALIACIÓN DO USO DE FERRAMENTAS TECNOLÓXICAS E BUSCA DE INFORMACIÓN

	Fágoo só	Fágoo cun pouco de axuda	Téñenme que axudar moito
<i>Entro en Internet no dispositivo.</i>			
<i>Entro nunha páxina para buscar.</i>			
<i>Escribo as palabras que necesito para encontrar información.</i>			
<i>Encontro aquilo que busco e léoo.</i>			

Responder si ou non:

Preguntei a varias persoas sobre o tema.	
Anotei todo o que me contaron.	
Todas as informacións me pareceron ben.	
Preguntei ás persoas como sabían o que me contaban.	
Pedín a algunha persoa que me buscasse esa información.	
Souben dicir por que me fiaba máis do que me contaron as distintas persoas.	

**Ferramentas
específicas
da área**


Ciencias Sociais 3º

1. ESCALA DE OBSERVACIÓN PARA A AVALIACIÓN DOS MAPAS CONCEPTUAIS DAS UNIDADES

Alumno: _____

	Nunca	Ás veces	Bastante	Sempre	Comentario
Realiza o mapa conceptual sen necesidade de axuda ou de recorrer ao texto					
Enriquece o mapa con debuxos e símbolos representativos					
A limpeza e a orde do seu traballo axuda á comprensión xeral do mapa á primeira vista					
Utiliza o vocabulario propio da unidade traballada					
Explica oralmente o mapa conceptual de forma clara e ordenada					
Amplía información na súa explicación oral para enriquecela					

2. AUTOAVALIACIÓN DO RESPECTO DE NORMAS CIDADÁS



3. COAVALIACIÓN DAS CAMPAÑAS ELECTORAIS

Escribe o nome dos compañeiros que presentaron o seu programa electoral que che gustasen máis	Por que? (sinala)			
	O slogan e a publicidade é moi acertado	A linguaxe utilizada foi a correcta	Coñece ben os servizos municipais	Paréceme o programa electoral moi completo en xeral


Que farías diferente a próxima vez ao ter visto os programas electorais dos teus compañeiros?	
--	--

Elixo un dos programas electorais dos teus compañeiros que sinalaches como interesante e achega ideas para enriquecelo. Móstrallo ao compañeiro e explícalle por que cres que debería engadir o que propós.

4. A) ESCALA DE OBSERVACIÓN DA ORIENTACIÓN ESPACIAL (PLANOS, MAPAS...).

	Si	Non	Ás veces	Comentario
Localiza os puntos cardinais nun mapa				
Identifica as lendas no mapa ou no plano				
Sitúase no plano ou no mapa				
Traza o percorrido máis curto dun punto a outro dado				
Diferenza entre mapa físico, político ou temático				
Localiza un punto no mapa ou no plano segundo as coordenadas dadas ou viceversa				

B). AUTOAVALIACIÓN DA ORIENTACIÓN ESPACIAL



5. COAVALIACIÓN DOS NOVOS SINAIS INVENTADOS

Nome do compañeiro	Debuxa o seu sinal	Por que che gustou?			
		Está moi ben debuxado	O que significa	Moi conseguido mesturar elementos de sinais normais e o novo	Outras razóns

Debuxa agora outro sinal tras as ideas vistas aos teus compañeiros:

6. RUBRICA PARA A AVALIACIÓN DE MURAIIS

	4	3	2	1
Impresión xeral	O mural é rechamante, doado de ver e de ler. O seu título esta destacado e as cores utilizadas son adecuadas.	Mural rechamante, con cores vivas, pero non é tan doado de ler a simple vista ou o título non aparece moi destacado.	Mural ben presentado, pero sen colorido.	Mural pouco traballado en xeral, sucio ou difícil de ler pola súa letra excesivamente pequena.
Debuxos e imaxes	Están ben feitos e bonitos. Representan adecuadamente o contido que desexa expresar. O seu tamaño é significativo como para que o poida ver toda a clase durante a exposición.	Ben feito en xeral. Representan adecuadamente o contido, pero algún ten un tamaño que dificulta a súa visión por parte de toda a clase.	Os símbolos, debuxos ou imaxes non están debuxados ou recortados con coidado, pero representan o contido adecuadamente e poden ser vistos por toda a clase.	Símbolos ou imaxes mal debuxados, recortados ou descoidados en xeral.
O contido (textos, gráficas, etc.)	Aparecen todos os conceptos importantes e quedan suficientemente claros.	O mural contén os elementos principais pedidos pero non ten secuencia lóxica ou coherencia suficiente para enténdelo.	Ao mural fáltalle un dos elementos principais enon ten secuencia lóxica ou coherencia suficiente para enténdelo.	A información é pobre e escasa, e non ten secuencia lóxica ou coherencia suficiente para enténdelo.
Exposición do tema	A información ten secuencia lóxica ou coherencia suficiente para enténdelo.	Evítanse textos longos e o tamaño é o apropiado para que poida lerse durante a exposición.	Evítanse textos longos pero o tamaño pequeno dificulta o seu seguimento e lectura durante a exposición.	Aparecen textos longos que dificultan o seu seguimento e lectura durante a exposición.

7. COAVALIACIÓN DE GRUPOS DE DEBATES

Marca cunha aspa os aspectos nos que cres que destacaron os grupos nas súas exposicións e defensas no debate.

Nome do grupo de debate	Dominan o tema e teñen claro os obxectivos	Defenden a súa postura, ou o rol asignado, con argumentos claros	A linguaxe utilizada foi a apropiada pola maioría dos compoñentes	Participan todos os compoñentes do grupo	Respectan o punto de vista dos demais	Respectan a quenda de palabras	Respectan o tempo outorgado a cada exposición	Que nota lles poñerías?

Anota qué aprendizaches dalgún dos grupos, tanto sobre o tema tratado como para realizar mellor un futuro debate	
--	--

8. AUTOAVALIACIÓN E COAVALIACIÓN DAS INVESTIGACIÓNS REALIZADAS

Nome do alumno _____

Responder si ou non:









Investigación realizada (tema ou pregunta a contestar).	
Onde busquei a información? Nome da páxina ou páxinas web visitadas, libros, textos.	
De cal delas saquei a información ou resposta que creo acertada?	
Por que cres que é fiable a información encontrada nesa páxina, libro ou texto?	
Escribe aquí a solución á pregunta ou investigación formulada.	

Outras respostas ou informacións dadas por compañeiros	Frecuencia destas (anota unha aspa por cada vez que un compañeiro repita a mesma resposta)	Cambiaría a miña resposta agora? Si / Non e por que

9. AUTOAVALIACIÓN FINAL DA UNIDADE

Revisa estes aspectos do teu traballo durante a unidade. Reflexiona despois como poderías mellorar nalgún deles.

Vermello: Mal **Amarelo:** Regular **Verde:** Ben

Participei nos diálogos xerados na aula?		Que aspecto está peor avaliado?
Procurei escribir de xeito correcto as palabras nas actividades?		
Colaborei e participei adecuadamente nos traballos en grupo ou en parella?		
Colaborei e traballei adecuadamente nos traballos por parellas?		
Rematei as actividades no tempo que me deu o profesor?		Como poderías mellorar?
Presentei os meus traballos con orde e limpeza?		
Organicei ben os tempos para realizar o proxecto do mural?		
Repasei diariamente os novos conceptos aprendidos na unidade?		

GUIÓN PARA PORTFOLIO PARA A RECOLLIDA DE EVIDENCIAS DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ANTES DE EMPEZAR A TRABALLAR:

NOME DO NENO:

PRESENTACIÓN DO ALUMNO: Preséntate cunha descrición física, da túa forma de ser, das túas emocións ante o colexio e a aprendizaxe, así como das túas afeccións e amigos.

QUE É O QUE MÁIS CHE GUSTA DA CLASE DE CIENCIAS SOCIAIS?

QUE É O QUE MENOS CHE GUSTA?

QUE APRENDICHES DURANTE O CURSO / O TRIMESTRE?

QUE É O QUE MÁIS CHE CUSTOU APRENDER? POR QUE?

DE QUE TRABALLO TE SENTES MÁIS ORGULLOSO? POR QUE?

CAL É O TRABALLO, INVESTIGACIÓN OU MURAL NO QUE SACACHES MELLOR NOTA? POR QUE CRES QUE FOI?

EN QUE CRES QUE CHE AXUDOU ESTA MATERIA A COÑECER A SOCIEDADE NA QUE VIVES?

QUE CRES QUE PODES ACHEGAR NUN FUTURO Á SOCIEDADE?

INCLUIR AS EVIDENCIAS ACHEGADAS AOS PORFOLIOS TRIMESTRAIS QUE APARECEN NO LIBRO DE TEXTO

EN CADA EVIDENCIA

QUE FIXECHES?	COMO O FIXECHES? Indica os pasos seguidos	QUE FOI DOADO?	QUE CHE CUSTOU MÁIS?	COMO PODERÍAS MELLORALO?	QUE APRENDICHES?